



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 6 DE MAIO DE 2013.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día seis de maio de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e nove de abril de dous mil trece (ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### OUTORGAMENTO LICENZA DE OBRAS RIB/C/29.1/13. -

Visto o escrito presentado por **Don Amando Canitrot Pérez en representación de Julian Fernández Fernández con DNI nº 34.904.819-L**, onde solicita Licenza de Obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeras, según Proxecto Básico e Anexo nº 1 redactado polo Arquitecto Don Idelfonso Estevez Martínez .

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 30 de abril de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“Informar favorablemente a Licenza de Obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras, segundo PROXECTO BÁSICO PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ENTRE MEDIANEIRAS E ANEXO Nº1, sendo necesario antes do inicio das obras a presentación do PROXECTO DE EXECUCIÓN e dos correspondentes Oficios de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.”*

Visto o informe xurídico de data 3 de maio de 2013 no que se conclue o seguinte:



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

*“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de obras a **Don Amando Canitrot Pérez en representación de Julian Fernández Fernández con DNI nº 34.904.819-L** para rehabilitación de vivanda unifamiliar entre medianeras, na Estrada Ribadavia-Carballiño nº 92, (Ref. Catastral 14442/14), en San Cristovo.

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condicionase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

### **2.- Condicións particulares:**



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeras.

**Contía na que se orzan as obras:** 88.207,08 €.

**Situación e emprazamento das obras:** Estrada Ribadavia-Carballiño nº 92, San Cristovo.

**Redactor do Proxecto:** Don Idelfonso Estévez Martínez.

**Dirección da execución das obras:** Non consta.

**Nome ou razón social do promotor:** Don Julian Fernández Fernández.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 08/02/2013, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 2.293,38 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 88.207,08 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Importe execución material / coste da obra:	88.207,08 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.293,38 €	
Aboado por autoliquidación:	2.293,38 €	08-02-13
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	0,00 €	

#### **Outras condicións:**

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- **RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:**
  - Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.
  - Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.
  - Manterase en todo momento a limpeza do vial público.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 30 de abril de 2013:
  - o *Sendo necesario antes do inicio das obras a presentación do PROXECTO DE EXECUCIÓN e dos correspondentes Oficios de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.*
  - o *Considerase da necesidade de solicitar un aval de 250,00€ á propiedade coa finalidade de garantir co remate das obras a beirarrúa quedará en bo estado.*
  - o *Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Primeira Ocupación.*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

#### **INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitude de información urbanística interesada por **AXENCIA E SERVIZOS INMOBILIARIOS RODESPI S.L. con CIF nº B-36.490.613**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Progreso nº 53, en A Cañiza, con número de expediente **RIB/C/33/13**. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 03.05.2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, na Rúa As Chavolas nº 8, en Ribadavia, a solicitude de Axencia e Servizos Inmobiliarios Rodespi S.L., de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Don Francisco Feijoo Sánchez con DNI nº 76.712.651-S**, con domicilio na Rúa Congostra nº 4, en San Paio, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Congostra nº 4 (Ref. Catastral 2635907NG7823N0001QX), en San Paio, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 29-04-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Julio Gómez Vázquez con DNI nº 34.592.236-Y**, con domicilio na Rúa Congostra nº 6, en San Paio, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Congostra nº 6 (Ref. Catastral 2635906NG7823N0001GX), en San Paio, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 29-04-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Concello de Cenlle, con data RE 02 de maio de 2013 N° RE 2269, relativa a certificación de acordo plenario de data 02 de maio de 2013.
2. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 02 de maio de 2013 N° RE 2264, relativa a convenio de colaboración para contratación de chóferes de máquinas rozadoras.

A xunta de Goberno, por unanimidade dos seus asistentes adopta os seguintes acordos :

1. Aprobar a adhesión do concello ao convenio marco para a concesión da subvención da Deputación Provincial de Ourense a concellos para a contratación de choferes de máquinas rozadoras drante o ano 2013, solicitando se conceda unha subvención para a contratación dun chofer de maquina rozadora durante o ano 2013.
  2. Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden do convenio marco, en particular as previstas na clausula 7ª do convenio, comprometéndose a realizar os traballos de rede viaria provincial que se determinen por resolución de Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 km de lonxitude.
  3. Declarar que o concello de Ribadavia non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial, conforme co que dispón o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, manifestando igualmente estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
3. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 03 de maio de 2013 N° RE 2279, relativa a outorgamento de anticipo de 18.7666,25 euros en relación co Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.-**

Dase conta da solicitude de Don Jesús Santos Padeiro para ocupación das instalacións deportivas municipais do polideportivo O Consello aos efectos de presentar o espectáculo de payasolandia.

Consta informe do técnico municipal de deportes no que se constata o cumprimento dos requesitos do artigo 47 sobre o Regulamento das Instalacións Deportivas Municipais.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

A xunta de Goberno, por unanimidade dos seus asistentes, acorda autorizar a Don Jesús Santos Padeiro, a utilización das instalacións do Polideportivo O Consello, debendo satisfacer o prezo público polo ocupación das instalacións, o cal se liquidará oportunamente.

**DECLARACION DE INCURSIÓN NA SITUACION DE FORA DE ORDENACIÓN RIB/C/180.2/12.-**

Visto o expediente iniciado en data 19 de abril de 2012 mediante solicitude de Don Rafael Gómez Domínguez ao amparo da Disposición Transitoria 3ª da Lei 2/2010.

Visto o informe técnico de data 29 de abril de 2013 no que se dicía que:

*“Quinto: En canto aos requisitos a cumprir pola edificación para poder acollerse ao réxime previsto na disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010:*

- a) Non estar executadas sobre terreos cualificados polo planeamento como zona verde, espazo libre, dotación ou equipamento público. A construción está situada en solo urbano consolidado.*
- b) Terse realizado sen licenza urbanística municipal ou sen a preceptiva autorización autonómica. No arquivo do Concello a única documentación existente é a indicada no punto terceiro. Non consta licenza de obras nin de actividade.*
- c) Que se acredite que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003 se atopaba totalmente rematada. Preséntase copia do pago imposto sobre actividades económicas de data 11/03/1998, así como copia de facturas emitidas nos anos 1999, 2001, 2002, 2004, 2011 e 2012. Indícase no informe que a edificación xunto ca actividade están en funcionamento dende o ano 1998.*
- d) Que a Administración non adoptase ningunha medida de restauración da legalidade urbanística ou ambiental antes da entrada en vigor da Lei 2/2010. Non consta no a Arquivo Municipal expediente de Disciplina Urbanística.*
- e) Que se acredite a preexistencia dun uso continuado da edificación. Preséntase copia do pago imposto sobre actividades económicas de data 11/03/1998, así como copia de facturas emitidas nos anos 1999, 2001, 2002, 2004, 2011 e 2012.*

*CONCLUSIÓN: Vista a documentación existente informase favorablemente a solicitude de declaración de incursión na situación de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio do seu titular, ao abeiro da disposición transitoria terceira da lei 2/2010, dunha edificación destinada a adega en planta baixa, situada no Estrada N-120, nº 33, San Paio, no municipio de Ribadavia (Ourense), instada por Rafael Gómez Domínguez.”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. A declaración de incursión na situación de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio do seu titular, ao abeiro da disposición transitoria terceira da lei 2/2010, dunha edificación destinada a adega en planta baixa, situada no Estrada N-120, nº 33 (Ref. Catastral 2237319NG7823N0001IX), en San Paio, no municipio de Ribadavia (Ourense), instada por Rafael Gómez Domínguez con DNI nº 34.987.041-Q.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACION DA AREA RECREATIVA DA VERONZA-O XESTAL”.-**

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 da obra denominada “Rehabilitación da area recreativa da Veronza-O Xestal”, redactada polo técnico director da obra Dona María Escudeiro Rossignou, executado pola empresa Serviterra Enxeñería S.L., por un importe total de 20.004,65 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 20.004,65 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Ribadavia.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Serviterra Enxeñería S.L., co nº 13008 , de data 06.05.13, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.”

Consta informe de Intervención de data 06.05.2013.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



